

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE MAIO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1916/2016.- ANTONIO RODRIGUEZ RIVERA.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Silvouta nº 95 B.

LIC/1851/2016.- OBDULIA AMEIJERAS MANCEBO.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Pedra (A), 15, Nemenzo.

LIC/1915/2016.- MARÍA DEL CARMEN CREGO COTÓN.- Conceder licenza para a execución de reforma de piso (legalización) en Avda. Rodríguez de Viguri nº 9, Esc. 01 +1 A.

LIC/23/2017.- JUAN CARLOS PARDO PÉREZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a ampliación dunha vivenda unifamiliar coa construción dun garaxe en lugar de Son de Abaixo nº 4.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Silvouta, nº 95 B. LIC/1916/2016. Apróbbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar Pedra (A), 15, Nemenzo. LIC/1851/2016. Apróbbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a execución de reforma de piso (legalización) en Avda. Rodríguez de Viguri nº 9, Esc. 01+1 A. LIC/1915/2016. Apróbbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a ampliación dunha vivenda unifamiliar coa construción dun garaxe no lugar de Son de Abaixo, nº 4. LIC/23/2017. Apróbbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente denominado "Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbbase a apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal, mediante procedemento aberto e cun tipo de licitación de 122.190 euros/ano, máis IVE de 25.659,90 euros/ano.

7.- Proposta da alcaldía relativa ao inicio de trámites para recepción das obras de "Execución das obras do Proxecto de Acondicionamento e posta en valor de fontes e lavadoiros da zona rural: Lobio, O Roxido, Santomil e Vilamaior (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)". Apróbbase a proposta.

8.- Proposta da alcaldía relativa ao inicio de trámites para recepción das "Obras incluídas no proxecto básico e de execución da humanización da rúa de Montero Rios". Apróbbase a proposta.

9.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o ATENEO de Santiago para 2017. Apróbbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención ao Ateneo de Santiago, por un importe de 5.000 euros.

10.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbbase o recoñecemento extraxudicial de

crédito e o levantamento de reparo en relación a tres facturas da sociedade mercantil Arasti Barca SL polo servizo de dinamización da rede de centros socioculturais correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2017, por un importe total de 238.836,07 euros.

11.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 2 da sesión de 28 de abril de 2017, extraordinaria-urxente. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á proposta de solicitude dun informe da Asesoría Xurídica en relación ao novo Regulamento do Consello Municipal da Saúde, como paso previo ao seu sometemento a consideración plenaria. Apróbase a proposta.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do cadro de prezos para o ano 2017 que se aplicará nas obras da concesionaria Viaqua. Apróbase a proposta.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, relativa á substitución de sete autobuses urbanos. Acórdase acceder ao solicitado por Autobuses Urbanos de Lugo S.A e Trap S.A, concesionaria da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros e autorizar a substitución de sete vehículos adscritos ao servizo matriculados en 1999.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura de procedemento de adxudicación da autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros textís. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á expropiación para obtención de terreos para a execución de DM-6 e ZL-85 en Triacastela. Acórdase executar as resolucións do pleno do Xurado de Expropiacións de Galicia, nas que fixa o prezo xusto das parcelas 1, 3, 4A e 5B posto que foron elevadas a definitivas e firmes polas sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos que lle afectaban. Recoñécese a obriga do Concello a abonar as cantidades correspondentes aos propietarios.

6.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, do obradoiro de Emprego “Ecotur Xuvenil III”. Apróbase o proxecto do Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil III, que contempla a execución do Acondicionamento do Sar, no tramo comprendido entre Ponte Suarribas e Ponte da Ferverza. Acórdase a solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria de 108.604,73 euros para financiar o importe da man de obra do proxecto, que terá un importe total de 158.604,73 euros. O Concello achegaría os 50.000 euros correspondentes ao custo do material

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á rectificación do acordo da Xunta de Goberno da sesión do 21 de abril de 2017, relativa á participación do Concello de Santiago no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos POS+ 2017”. Apróbase a proposta